

PROXECTO DEPORTIVO FEGADO 2022

PROXECTO DEPORTIVO ORIENTACIÓN A PE 2022

1. INTRODUCCIÓN:

O 2021 foi o ano de retomar á competición despois da discontinuidade no noso deporte no ano anterior. Voltamos ás competicións en todas as nosas disciplinas, competiuse en Orientación a pe, Trail-O, MTBO, Raid (incluído un World Series) e Rogaine, onde destacan catro aspectos que fixeron posible este feito:

- As características intrínsecas do noso deporte: individual, sen contacto físico e ó aire libre, puxo a situación mais favorable para unha volta segura.
- Un protocolo moi traballado (FISICOVID) especificando o antes, o durante e o despois da actividade, para coidar ó máximo ás persoas vinculadas ó noso deporte.
- O bo facer das organizacións dos clubs galegos.
- O bo facer das/dos federadas/os.

2. ANÁLISE 2021:

Dentro deste ano que finaliza destacan as seguintes cuestións:

- Non se anulou ningunha carreira de ningunha modalidade.
- Progresión na volta á normalidade en canto a competicións, (so se aprazou a primeira carreira da liga).
- Adaptación das medidas a adoptar en relación á situación sanitaria do momento en canto ó COVID (certificados de mobilidade, burbullas de desprazamento...).
- Boa coordinación dos responsables COVID dos clubs galegos.
- Regreso dos adeostos de tecnificación a pe.
- Aprobación do protocolo FISICOVID para sprint urbano.
- Reapertura do programa Xogade do Deporte Escolar (nas fases zonais neste último trimestre do ano).
- Reinicio da participación en carreiras nacionais e/ou internacionais.

- Ingreso de federadas/os galegos nos proxectos deportivos nacionais de orientación a pe.
- Moi bos resultados no CEO en distintas categorías e carreiras.
- Participación galega na selección española de orientación.
- Podiums na Liga Española de orientación a pe.
- Altísima participación de equipos mixtos galegos no Campionato de España de Rogaine.
- Excelentes resultados tanto na Liga Española como no Campionato de España de Rogaine.
- Aumento do número de licenzas con respecto o 2020 (677) e incluso con datos precovid, sendo Galicia a segunda comunidade autónoma con maior número de licenzas de España: **707** licenzas (por detrás da FADO)

3. OBXECTIVOS 2022:

O noso obxectivo principal seguirá sendo crecer como deporte, tanto a nivel autonómico, como nacional, adaptándonos á nova normalidade (marcada pola situación sanitaria actual e concretamente polo protocolo FISICOVID), garantizando unha práctica segura para todos.

Despois do análisis do 2021, vendo o bo resultado acadado, afrontamos un 2022 cargado de propostas dos nosos clubs e empresas para todas as nosas ligas, e concretamente para orientación a pe (13 carreiras) e sprint (6 carreiras).

Para conseguir levar a cabo estas propostas, e seguindo o noso obxectivo principal, marcámonos os seguintes obxectivos específicos:

- Organizar a **XXXI Liga Galega de Orientación a pé**.
- Realizar os **Campionatos Galegos de media e longa** distancia.
- Organizar a **III Liga Galega de Orientación a pé Sprint**.
- Realizar o **Campionato Galego de sprint**.
- **Apoiar ás entidades organizadoras** na organización das carreiras (a través dos xuíces das probas).
- Realizar **adestros de tecnificación** para as/os nosas/os xovenes orientadores.
- Apoiar ás/ós deportistas de **alto rendemento** da FEGADO.

- Conformar e apoiar á **selección galega de orientación a pé** na participación do **CEO**.

4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

Continuamos co acordo con Portugal a través dunha Liga de seis probas (tres en Galicia e tres en Portugal), que pasa a denominarse **IV Liga Transfronteiriza: Galicia-Norte de Portugal 2022**:

Nº.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	12/02/2022	OPBZ	Betanzos	Media	GALICIA
2	12/03/2022	VigOrienta	Serra da Groba	Longa	GALICIA
3	09/04/2022	Compás-Seo	Ordes		GALICIA
4	25/09/2022	Orimarão	Vila Real		PORTUGAL
5	16/10/2022	NAST	Santo Tirso		PORTUGAL
6	10/12/2022	Amigos da Montanha	Caminha		PORTUGAL

A **III Liga de Orientación a pé Sprint** de 2022 está formada por seis carreiras:

Nº.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	05/02/2022	Fluvial	Lugo Centro	Sprint	
2	12/03/2022	VigOrienta	Vigo	Sprint	
3	21/05/2022	Xesta	Noia	Sprint	
4	09/07/2022	Xesta	Silleda	Sprint	
5	09/07/2022	Xesta	Lalín	Sprint	
6	12/11/2022	Xesta	Rairiz da Veiga	Sprint	

A XXXI Liga Galega de Orientación a pé 2022 está conformada polas seguintes carreiras:

Nº	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	29/01/2022	Xesta	Acibal	Media	
2	05/02/2022	Fluvial	Monte Segade	Media	
3	12/02/2022	OPBZ	Betanzos	Media	Transfronteiriza
4	26/02/2022	Liceo	Arteixo		
5	12/03/2022	VigOrienta	Serra da Groba	Longa	CG Longa- Transfront.
6	19/03/2022	Trevinca	O Bolo		
7	09/04/2022	Compás-Seo	Ordes		Transfronteiriza
8	21/05/2022	Xesta	Barbanza		
9	04/06/2022	Liceo	As Pontes		
10	11/06/2022	Budiñoraid			
11	17/09/2022	Ártabros	Forgoselo		
12	22/10/2022	Arnela			
13	01/10/2022	Limiaactiva	A Limia		
14	02/10/2022	Xesta	A Sainza		

Tendo en conta este calendario, propónse aproveitar o desprazamento a algunhas destas probas (cando non haxa competición pola tarde) para adestrar cos/as rapaces/rapazas de tecnificación nas tardes (de 15 h. a 18 h.) das seguintes datas:

- **12/2/2022 en Betanzos (A Coruña).**
- **26/2/2022 en Arteixo (A Coruña).**
- **9/4/2022 en Ordes (A Coruña)**
- **11/6/2022 en Salvaterra (Pontevedra)**
- **17/9/2022 en Forgoselo (A Coruña).**
- **29/10/2022 en A Limia (Ourense).**

Valoramos positivamente a tecnificación en mapas e terreos distintos, así como importancia de facer equipo entre as/os nosas/os xovenes para sentar a base da orientación galega do futuro. Si a situación sanitaria o permitise propoñemos realizar tecnificación en Navarra-Soria a finais de xullo e principios de agosto.

5. SELECCIONES:

Para a confección da selección terase en conta:

- Ranking das ligas Galegas 2021-2022.
- Ranking e participación en carreiras a nivel nacional e/ou internacional.
- Decisión da dirección técnica da FEGADO.
- A actitude de grupo e creación de bo clima en canto a relación entre os distintos membros da selección.

Aqueles seleccionados/as que non posúan unha camiseta da FEGADO, entregaráselles unha para participar nos campionatos, e que os represente como parte da selección galega de orientación.

6. PRESUPOSTO:

- ✓ Apoio económico a organización de Liga Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal: 500€/proba= 1500€
- ✓ Trofeos:1600€ (entre tódalas disciplinas)
- ✓ Tecnificación e participación (se fose posible) nos días de orientación de Navarra-Soria: 4846,71€ (entre tódalas disciplinas)
- ✓ CEO axuda: 1271,60€
- ✓ CEO inscricións: 936€
- ✓ Equipacións FEGADO: 1586€
- ✓ Rogaine inscricións equipos mixtos no Campionato España: 750€
- ✓ Axuda deportistas alto rendemento: 3000€ (entre tódalas disciplinas)

7. ENTRENADORES/TÉCNICOS/MONITORES TECNIFICACIÓN:

- Sonia Arias.
- Ángel Albarrán
- Brais Piñeiro

- David Casado.
- María Piñeiro.
- Jorge Piñeiro.
- Angel A. Serto.
- Ricardo Figueroa.
- Teresa Bellón.
- Lucia Parga.
- Alba Grimaldi.
- Sescún Martí.
- Alejandra Carro.

8. NORMAS BÁSICAS:

O concepto de FAIRPLAY como modelo de comportamento deportivo, é un término específico do mundo do deporte en xeral para referirse ó comportamento honesto e correcto que deben observar os deportistas ante o seu opoñente, o xuíz e os asistentes.

Pedirase as/os participantes tanto de liga galega, como nacional, como nos CEO's unha actitude de FAIRPLAY, non so de cara ás/ós outros deportistas e as/os xuíces, senon que o apliamos á organización, ó medio natural e a un mesmo/a.

9. CONTACTO DA MODALIDADE:

Alejandra Carro Mahía, ori@fegado.es